PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 423 VIII lexislatura 4 de marzo de 2011

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6. 2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-1507 (57847)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cerviño González, Francisco Xulio e Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno galego co fin de organizar cursos de formación en lingua galega para todos os funcionarios públicos, en cumprimento dos obxectivos fixados para o sector da administración no Plan xeral de normalización da lingua galega 132313

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-1457 (56321)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a oferta do idioma portugués como segunda lingua estranxeira en todos os centros públicos que impartan a ensinanza secundaria 132313

- 08/PNC-1502(57626)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno en relación coa convocatoria dos cursos de preparación para a obtención do sistema de Certificado de Lingua Galega, Celga 132313

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.2. Réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de marzo de 2011, polo que se crea un novo ficheiro de datos de carácter persoal 132313

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.3. Actividades

8.3.1. Contratación administrativa

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 28 de febreiro de 2011 polo que se anuncia a adxudicación da contratación administrativa dos servizos para a xestión da produción audiovisual para a Administración do Parlamento de Galicia 132315

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6. 2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na reunión do 3 de marzo de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-1507 (57847)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cerviño González, Francisco Xulio e Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno galego co fin de organizar cursos de formación en lingua galega para todos os funcionarios públicos, en cumprimento dos obxectivos fixados para o sector da administración no Plan xeral de normalización da lingua galega
BOPG núm. 401, do 02.02.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer as seguintes medidas en materia de formación lingüística que garantan a consideración do galego como lingua xeral de referencia nas administracións públicas, co obxecto de asegurar o dereito dos administrados, agás que expresen o seu desexo de seren atendidos en castelán:

1.º) Potenciar a actual organización de cursos de formación en lingua galega a través da Escola Galega de Administración Pública para todos os traballadores públicos (da Xunta de Galicia e sociedades, fundacións e organismos dependentes, así como a Administración local, concellos e deputacións) que o necesiten, co obxecto de mellorar o coñecemento deste idioma, facendo especial fincapé nas habilidades orais.

2.º) Subvencionar aos concellos, ou grupos, consorcios ou mancomunidades de concellos no caso dos concellos pequenos, para que organicen cursos entre os traballadores públicos da Administración municipal coa mesma finalidade, achegando así a formación ao territorio e facilitando a asistencia aos ditos cursos, sempre que a dispoñibilidade orzamentaria o permita.

3.º) Seguir mantendo unha oferta pública estable de cursos *on-line* de galego oral e escrito a través da rede, co obxecto de facilitar tamén o acceso aos empregados públicos que non poidan desprazarse aos centros onde se imparte a dita formación."

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na reunión do 3 de marzo de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1457 (56321)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a oferta do idioma portugués como segunda lingua estranxeira en todos os centros públicos que impartan a ensinanza secundaria
BOPG núm. 383, do 29.12.2010

- 08/PNC-1502(57626)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno en relación coa convocatoria dos cursos de preparación para a obtención do sistema de Certificado de Lingua Galega, Celga
BOPG núm. 401, do 02.02.2011

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.2. Réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de marzo de 2011, polo que se crea un novo ficheiro de datos de carácter persoal

Segundo o artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a creación, modificación ou supresión de ficheiros das Administracións Públicas só poderán facerse mediante a disposición xeral correspondente.

Na súa virtude, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 1 de marzo de 2011, dispón:

Artigo 1. Creación dun ficheiro de datos de carácter persoal

Créase o ficheiro que se relaciona no documento anexo, que conten a información esixida no artigo 20.2.º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación de ficheiros.

Artigo 2. Responsabilidade sobre o ficheiro

A responsabilidade sobre a totalidade deste ficheiro automatizado, incluída a relativa ao exercicio do dereito de oposición ao tratamento, acceso, rectificación e cancelación correspóndelle ao Parlamento de Galicia, sen prexuízo da coordinación e da responsabilidade directa que na xestión e na custodia do ficheiro lle corresponda en concreto ao Gabinete da Presidencia.

Artigo 3. Protección de datos persoais

Os xestores do ficheiro automatizado adoptarán as medidas necesarias para asegurar que os datos de carácter persoal utilizaranse exclusivamente para as finalidades que xustifican a súa creación que se concretan no acordo da súa creación. Así mesmo adoptarán as medidas necesarias para asegurar o cumprimento polos usuarios das medidas de seguridade que se adopten para o ficheiro.

Artigo 4. Dereitos dos titulares dos datos

Os titulares dos datos incluídos no ficheiro obxecto deste Acordo poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación dos datos e oposición ao tratamento, de acordo co previsto no Título III da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como nos demais casos previstos na lexislación vixente e ante o órgano competente que para cada ficheiro se concreta.

Artigo 5. Obriga dos cesionarios dos datos

Nos casos en que se prevexan comunicacións de datos os responsables dos ficheiros automatizados advertirán aos cesionarios de datos de carácter persoal da súa obriga de utilizalos exclusivamente para a finalidade da cesión e de conformidade co que prevé o artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Este Acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

ANEXO

1.- Denominación do ficheiro: Seguridade e videovixilancia

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: Captación de imaxes a través dos sistemas de videovixilancia para garantir a seguridade das instalacións e de persoas do Parlamento de Galicia.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal: Todas as que accedan as instalacións do Parlamento de Galicia.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: captación de imaxes mediante cámaras

d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal recollidos: Imaxes.

e) Cesións de datos de carácter persoal: Forzas e Corpos de Seguridade e órganos xudiciais, así como aquelas de obrigado cumprimento que veñan regulamentadas nunha norma con rango de lei

f) Órgano da Administración responsable do ficheiro

Parlamento de Galicia
Hórreo, 63
Santiago de Compostela, 15701

g) Servizos ou unidades ante as que puideran exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Parlamento de Galicia
Gabinete da Presidencia

h) Medidas de seguridade: Nivel básico.

Santiago de Compostela 1 de marzo de 2011.
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1º

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.3. Actividades

8.3.1. Contratación administrativa

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 28 de febreiro de 2011 polo que se anuncia a adxudicación da contratación administrativa dos servizos para a xestión da produción audiovisual para a Administración do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, publícase o seguinte anuncio de adxudicación da contratación administrativa para a dos servizos para a xestión da produción audiovisual para a Administración do Parlamento de Galicia

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

a) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

b) Número de expediente: STI-PA-5/2010

c) Dirección de Internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.es.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: Servizos

b) Descrición: xestión da produción audiovisual da Administración do Parlamento de Galicia.

c) CPV: 50340000-0.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia.*

e) Fecha de publicación do anuncio de licitación: 16 de decembro de 2010.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 119.000,00 €.
IVA (18 %): 21.420,00 €.
Importe total: 140.420,00 €-.

5. Adxudicación:

a) Data: 21 de febreiro de 2011.

b) Contratista: Spica, S.L.

c) Importe de adxudicación:

Importe neto: 118.000,00 €
IVA (18 %): 21.240,00 €
Importe total: 139.240,00 €.

Santiago de Compostela 28 de febreiro de 2011.
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727